

Expte: 2724/232



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA  
DE ECONOMÍA  
E INDUSTRIA

Sr. Alcalde Presidente  
do Concello de Vigo

PAGAMENTO DOS PREZOS XUSTOS POLA EXPROPIACIÓN FORZOSA DOS  
BENS E DEREITOS AFECTADOS POLO PROXECTO REFORMA DA LMT TRO718  
E SUBSTITUCIÓN DO CTI PARADA-TEIS 36AC73 POR CTC. IN407A 2022/435-4

De conformidade co disposto no artigo 49 do decreto de 26 de abril de 1957 que aproba o regulamento de expropiación forzosa, esta dirección territorial resolveu sinalar o día **14 de xaneiro de 2025**, ás **13 horas**, para o pagamento dos prezos xustos determinados polo Xurado de Expropiación de Galicia, nas dependencias da casa do concello, nas que serán convocados todos os afectados mediante comunicación individual por parte desta dirección territorial. Informámoslle, así mesmo, que o citado artigo dispón a presenza do alcalde e do secretario do concello neste acto.

Para poder realizar o pagamento das expropiacións, solicitamos que se publique a resolución de afectados no taboleiro de anuncios da casa do concello e se nos asigne unha sala para este fin.

A directora territorial

Beatriz López del Olmo

(Asinado en Vigo por sinatura dixital certificada na data que se indica na marxe)

Asinado por: LOPEZ DEL OLMO, BEATRIZ  
Cargo: Directora Territorial  
Data e hora: 09/10/2024 12:32:57

CV: DQcpdMtgWZT0  
Verificación: <https://sede.xunta.gal/ove>



DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE PONTEVEDRA  
Servizo de Coordinación Industrial  
Praza da Estrela s/n  
36201 Vigo

1000

1000

1000

1000

1000

1000

1000

1000

1000

1000

1000

Resolución da Dirección Territorial de Pontevedra, pola que se sinala a data para o pagamento dos prezos xustos polas imposicións de servidumes de paso para a execución do proxecto denominado Reforma da LMT TRO718 e substitución do CTI Parada-Teis 36AC73 por CTC, nos Concellos de Vigo e Redondela, do que ten a condición de beneficiaria da expropiación a empresa UFD Distribución Electricidad, S.A.. IN407A 2022/435-4

O Xurado de Expropiación de Galicia notificou aos interesados, á empresa beneficiaria da expropiación e a esta directora territorial os acordos que determinan os prezos xustos polo establecemento das servidumes de paso nas fincas que se citan na relación que se anexa.

De acordo có establecido nos artigos 48.1 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa, e 48.2 e 49 do seu regulamento aprobado mediante decreto de 26 de abril de 1957, resolvo sinalar o día 14 de xaneiro de 2025 ás 12 horas na casa do Concello de Redondela e ás 13 horas, na casa do Concello de Vigo como lugar de convocatoria para o pagamento dos prezos xustos das fincas situadas neses concellos.

A este acto deberá concorrer o Sr. Alcalde, o Secretario do concello, o representante desta dirección territorial e o representante da empresa beneficiaria da expropiación. Os expropiados recibirán unha liquidación detallada do pagamento e farase constar nunha acta as persoas que concorran e as incidencias producidas.

Esta resolución será comunicada ao alcalde do Concello de Vigo e á Alcaldesa de Redondela para a súa publicación no taboleiro de anuncios da casa do concello, e notificada individualmente aos afectados.

A directora territorial

Beatriz López del Olmo

(Asinado en Vigo por sinatura dixital certificada na data que se indica na marxe)



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA  
DE ECONOMÍA  
E INDUSTRIA

Reforma da LMT TRO718 e subst CTI Parada-Teis 36AC73 por CTC				
Nº	Concello	Referencia catastral	Paraxe	Titular
2	Vigo	54057A009001910000AW	Pugariño	Jose Manuel y Juan Carlos Alvarez Iglesias
4	Redondela	36045A053008260000WM	Parada	María Tizón Paz